

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 4 DE MARZO DE 2026

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a catro de marzo de dous mil vinte e seis, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto

convocada, e sendo as dez horas trinta minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 25 de febreiro de 2026, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- APROBACIÓN DE PROXECTO TÉCNICO DE OBRA

Consta nas dependencias municipais o seguinte proxecto técnico redactado por orde da Alcaldía:

Proxecto técnico modificado da obra de “MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN A FEIRA, A PENELA E A EIREXE”, redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos Don Román Gómez Fraiz, con data febreiro de 2026, cun orzamento de execución por contrata de CENTO NOVE MIL

NOVECIENTOS OITENTA E TRES EUROS CON DEZAOITO CÉNTIMOS (109.983,18 €), IVE incluído.

Considerando que o proxecto citado atópase debidamente redactado e que dispón do informe favorable, emitido polo arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias con data 03/03/26, respecto do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor, aos efectos do establecido no artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), e de conformidade co disposto no artigo 231.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda aprobar o proxecto técnico anteriormente especificado, condicionado á obtención das autorizacións sectoriais pertinentes segundo o informado polo técnico municipal.

3.- ACORDO SOBRE A PARTICIPACIÓN DO CONCELLO NAS AXUDAS CONVOCADAS POLA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL PARA ACTUACIÓNS EN CAMIÑOS RURAIS NO PERÍODO 2026-2027

O Sr. alcalde informa aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes da Orde do 30 de decembro de 2025 da Consellería do Medio Rural pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria para o ano 2026 das axudas para actuacións en camiños rurais no período 2026-2027, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 de España, en réxime de concorrencia non competitiva mediante tramitación anticipada de gasto (DOG núm. 24, do 05/02/26). Segundo os criterios de distribución das axudas correspóndelle a este Concello a cantidade de 79.274,00 €. Non son obxecto de financiamento o importe do IVE, nin os gastos correspondentes aos honorarios por redacción do proxecto, dirección de obra e coordinación en materia de seguridade e saúde.

Infórmase, asemade, que as actuacións que se poden incluír no plan consisten na ampliación ou mellora dos camiños que formen parte da rede viaria de acceso a unha ou a varias entidades de poboación. Nese obxectivo,

contéplase a inclusión de tres actuacións a desenvolver no acceso aos lugares da Feira (Río), A Penela (Pedroso) e A Eirexe (Pedroso).

Debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a participación do Concello nas axudas da Consellería do Medio Rural para actuacións en camiños rurais no período 2026-2027, coa actuación denominada *“Mellora de camiños municipais en A Feira, A Penela e A Eirexe”*.

Segundo.- Comprometerse a facer fronte aos gastos non subvencionados con cargo os orzamentos municipais, no suposto de ser beneficiario da axuda solicitada.

Terceiro.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que, na representación do Concello, asine a correspondente solicitude e calquera outra documentación que resulte necesaria para a efectividade do acordado.

4.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES CON CARGO Á LIÑA EN CONCORRENCIA NON COMPETITIVA DO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL 2026

Dáse conta aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes da Orde do 16 de xaneiro de 2026 da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2026, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (DOG núm. 25, do 06/02/26). O Sr. alcalde informa que o Concello ten asignada a cantidade de 49.846,03 € na liña de concorrencia non competitiva.

Debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes unha subvención por importe de CORENTA E NOVE MIL OITOCENTOS CORENTA E SEIS EUROS CON TRES CÉNTIMOS (49.846,03 €) para o proxecto que coa súa denominación, actuación incluída nel, e orzamento deseguido se enumera:

Liña non competitiva:

DENOMINACIÓN DO PROXECTO: Dotación de equipamento para a protección do ambiente e do espazo natural

ACTUACIÓNS INCLUÍDAS	ORZAMENTO TOTAL	TIPO DE GASTO
Subministro de vehículo furgoneta de segunda man	12.100,00 €	Investimento
Subministro de vehículo tipo "pick up" de segunda man	23.000,00 €	Investimento
Subministro de remolque	3.950,02 €	Investimento
Subministro de cabezal para desbrozadora de brazo ou retro	5.626,50 €	Investimento
Subministro de colectores para a recollida de fracción resto de residuos domésticos	5.169,51 €	Investimento

Segundo.- Aceptar expresamente as condicións de financiamento e os demais requisitos establecidos na Orde da convocatoria.

Terceiro.- Comprometerse a facer fronte aos gastos non subvencionados con cargo os orzamentos municipais, no suposto de ser beneficiario da subvención solicitada.

Cuarto.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que, na representación do Concello, asine a correspondente solicitude e cantos outros documentos resulten necesarios para a efectividade do acordado.

5.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN PARA O FOMENTO DE EMPREGO NO MEDIO RURAL, PROGRAMA GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO

O Sr. alcalde informa á Xunta de Goberno Local da Orde do 22 de xaneiro de 2026 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do

emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, e procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2026 (DOG núm. 24, do 05/02/26) e a conveniencia de solicitar dita axuda para a contratación de tres (3) postos de traballo de oficiais-tractoristas, un (1) posto de traballo de enxeñeiro forestal e dous (2) postos de traballo de peón forestal, a tempo completo e por un período de nove meses, para a realización dun programa de interese social municipal.

Debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración unha axuda económica, por importe total de CENTO TRES MIL TRESCENTOS TRINTA E SEIS EUROS CON SESENTA E SEIS CÉNTIMOS (103.336,66 €), para a contratación de seis traballadores/as para o desenvolvemento do servizo denominado “*Accións preventivas en vías e infraestruturas municipais*”.

Segundo.- Aprobar a memoria do servizo que van realizar os/as traballadores/as, redactada polos servizos municipais.

Terceiro.- Comprometerse a levar a cabo na súa totalidade as actuacións que se conteñen na memoria, no suposto de ser beneficiario da axuda solicitada.

Cuarto.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Orde da convocatoria.

Quinto.- Comprometerse a facer fronte aos gastos non subvencionados con cargo os orzamentos municipais, no suposto de ser beneficiario da subvención solicitada.

Sexto.- Para as retribucións dos/as traballadores/as a contratar ao abeiro da presente Orde será de aplicación o I Convenio estatal para o sector de actividades forestais (BOE núm. 165, do 11/07/19).

Sétimo.- Facultar ao alcalde do Concello para que, na representación desta Entidade Local, asine cantos documentos sexan precisos para a efectividade deste acordo.

6.- ADXUDICACIÓN DA OBRA DE “MELLORA DO DEPÓSITO DE ABASTECIMENTO DE GURGULLÓNS” – EXPEDIENTE NÚM. [REDACTED]

ANTECEDENTES

1º.- A Mesa de Contratación da obra de “MELLORA DO DEPÓSITO DE ABASTECIMENTO DE GURGULLÓNS”, na reunión celebrada o día 25 de febreiro de 2026, realizou por unanimidade proposta de adxudicación da licitación ao favor do licitador que obtivo a maior puntuación, unha vez admitidas e avaliadas todas as propostas presentadas, en aplicación dos criterios de adxudicación establecidos no prego de cláusulas administrativas particulares, co seguinte resultado:

A/ Criterios avaliable automaticamente (ata 100 puntos)

LICITADOR	CIF	PREZO	PUNTOS	REDUCCIÓN PRAZO EXECUCIÓN	PUNTOS	PUNTUACIÓN TOTAL
EFICHAUS S.L.U.	[REDACTED]	50.948,87 €	38,93	2 SEMANAS	30,00	69,93
CONSTRUCCIONES DALAMA S.L.	[REDACTED]	52.727,85 €	19,60	2 SEMANAS	30,00	49,60
URBANISMO TÉCNICO SOSTENIBLE S.L.	[REDACTED]	53.119,00 €	15,13	-----	0,00	15,13
AGRAMAJUTO S.L.	[REDACTED]	48.317,97 €	70,00	2 SEMANAS	30,00	100,00
ESTRUCTURAS, INYECCIONES Y AGUAS S.L.	[REDACTED]	53.511,81 €	10,64	2 SEMANAS	30,00	40,64
HUME INGENIERIA S.L.	[REDACTED]	52.793,17 €	18,85	2 SEMANAS	30,00	48,85
NATURE INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS S.L.	[REDACTED]	54.329,00 €	1,30	-----	0,00	1,30
MINERO CONFOREX S.L.	[REDACTED]	52.265,95 €	24,88	2 SEMANAS	30,00	54,88

B/ Resume da puntuación por orde decrecente

LICITADOR	CIF	PUNTUACIÓN TOTAL
AGRAMAJUTO S.L.	[REDACTED]	100,00
EFICHAUS S.L.U.	[REDACTED]	69,93
MINERO CONFOREX S.L.	[REDACTED]	54,88
CONSTRUCCIONES DALAMA S.L.	[REDACTED]	49,60
HUME INGENIERIA S.L.	[REDACTED]	48,85
ESTRUCTURAS, INYECCIONES Y AGUAS S.L.	[REDACTED]	40,64
URBANISMO TÉCNICO SOSTENIBLE S.L.	[REDACTED]	15,13
NATURE INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS S.L.	[REDACTED]	1,30

2º.- O licitador proposto Agramejuto S.L. foi requirido para a presentación da documentación preceptiva establecida na cláusulas 24ª do prego (RS núm. 2026-S-RE-51, do 26/02/26)

3º.- Con data 27 de febreiro do corrente (RE núm. 2026-E-RE-127), dita sociedade presenta no Concello a seguinte documentación:

- ✓ Certificados de estar ao corrente coas obrigacións tributarias coa Axencia Tributaria, ATRIGA e Seguridade Social.
- ✓ Designación dunha dirección electrónica habilitada para as notificacións.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 150.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP) dispón literalmente: “O *órgano de contratación* adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación (...)”.

Segundo.- O artigo 151 do mesmo texto legal dispón que a resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de quince días.

Debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes e de conformidade co establecido na cláusula 24ª do prego de cláusulas administrativas particulares, adopta o seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Adxudicar o contrato para a execución da obra denominada “MELLORA DO DEPÓSITO DE ABASTECIMENTO DE GURGULLÓNS” a favor do seguinte licitador:

LICITADOR: AGRAMEJUTO S.L.

CIF: ██████████

INSCRICIÓN NO RXC DE GALICIA: NON

INSCRICIÓN NO ROLECE: SI

IMPORTE DA AXDUDICACIÓN SEN IVE: 39.932,21 €

IVE: 8.385,76 €

IMPORTE DA ADXUDICACIÓN CON IVE: Corenta e oito mil trescentos dezasete euros con noventa e sete céntimos (48.317,97 €)

MOTIVACIÓN DA ADXUDICACIÓN: Mellor puntuación en aplicación dos criterios de adxudicación establecidos no prego.

Segundo.- A sociedade adxudicataria queda suxeita ao cumprimento íntegro das obrigas establecidas no proxecto técnico e no prego que regula a presente licitación.

Terceiro.- Notificar o presente acordo á adxudicataria e aos licitadores e publicalo non perfil do contratante do Concello.

Cuarto.- De conformidade do previsto no artigo 159.6 g) da LCSP a formalización do contrato efectuarase a través da sinatura de aceptación por parte da sociedade adxudicataria do presente acordo de adxudicación.

Quinto.- Designar director de obra e coordinador en materia de seguridade e saúde durante a súa execución ao enxeñeiro de camiños, canais e portos Don Román Gómez Fraiz.

7.- APROBACIÓN DAS BASES E BAREMOS PARA A PROVISIÓN DE NOVE (9) POSTOS DE TRABALLO SUBVENCIONADOS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO 2026 (LIÑA 3)

Dáse conta aos/ás Sres./as concelleiros/as presentes que a Deputación Provincial, por acordo da Xunta de Goberno de data 13 de febreiro do corrente, resolveu conceder unha subvención, por importe de 125.861,78 €, para a contratación laboral de doce (12) traballadores/as, de conformidade co solicitado por este órgano en data 16/01/26, ao abeiro das bases reguladoras e a convocatoria do Plan de obras e servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2026-2027 (BOP núm. 1, do 02/01/26). Cómpre, xa que logo,

proceder nunha primeira fase á aprobación das bases para a provisión dos seguintes nove postos de traballo dos doce subvencionados: un (1) auxiliar administrativo, un (1) traballador social e sete (7) peóns.

Debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Aprobar as bases e os baremos de selección para a provisión de nove (9) postos de traballo subvencionados ao abeiro do Plan +Provincia para a activación do emprego 2026, cos contidos íntegros que se conteñen nos anexos do presente acordo.

ANEXO I – AUXILIAR ADMINISTRATIVO

BASES E BAREMO DE SELECCIÓN PARA A PROVISIÓN DE 1 POSTO DE TRABALLO FINANCIADO AO ABEIRO DO PLAN MÁIS PROVINCIA, “PROGRAMA DE ACTIVACIÓN DO EMPREGO” 2026, DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

Primeira.- Obxecto

As presentes bases teñen como finalidade a determinación do sistema, procedemento e criterios aplicables para a contratación, con carácter temporal, de 1 persoa desempregada inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupada e que estea dispoñible para o emprego, dentro da subvención concedida ao Concello por acordo da Xunta de Goberno Local da Deputación de Pontevedra de data 13.02.2026, ao abeiro da convocatoria das axudas e subvencións do *Plan de Obras e Servizos de Competencia Municipal 2026-2027 (Plan Máis Provincia) (BOP núm. 1, do 02.01.2026)*.

Segunda.- Modalidade de contratación e característica da relación laboral

Os contratos formalizaranse baixo a modalidade de duración determinada para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral (DA 9ª do RDL 3/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o TR da Lei de Emprego).

Denominación e número de postos ofertados:

- *Auxiliar administrativo: 20 h/semana.*

Duración do contrato:

- *Auxiliar administrativo: 9 meses e 9 días.*

Retribucións:

- *Auxiliar administrativo: 759,69€ brutos mensuais, incluído o prorrateo das pagas extra.*

A duración establecida no anterior parágrafo queda condicionada ao requisito establecido na Base cuadraxésimo terceira das Bases Reguladoras do programa que financia esta axuda. Polo tanto, de producirse demoras nas datas previstas de incorporación, a duración do contrato deberá axustarse para non exceder a data límite fixada no 31 de decembro de 2026.

As retribucións brutas serán as aprobadas no acordo da XGL do 16.01.2026, polo que se aproba a solicitude de subvención á Deputación Provincial ao abeiro do *Plan Máis Provincia 2026/2027 – Liña 3: Activación do emprego 2026*.

A relación contractual rexeráse pola lexislación laboral, sendo de aplicación o Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da *Lei do Estatuto dos Traballadores* e a Lei 7/2007 de 12 de abril, do *Estatuto básico do empregado público*, sen prexuízo das normas administrativas que sexan de aplicación ao persoal ao servizo das administracións públicas e demais normativa Estatal e autonómica.

Terceira.- Requisitos dos aspirantes

As persoas interesadas en tomar parte nesta contratación, deberán reunir os seguintes requisitos:

I) Requisitos xerais: serán os requisitos legalmente previstos, con carácter xeral, para o acceso ao emprego público:

- a. Ser maior de 16 anos, e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- b. Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- c. Non estar separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera administración pública, nin atoparse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.
- d. Para os nacionais doutros estados estarase ao disposto no artigo 57 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público; non obstante, se non é cidadán membro da Unión Europea, deberá, posuír o permiso de traballo necesario, de acordo co establecido na Lei Orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.
- e. Non atoparse en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidade previstas na lexislación vixente.

II) Requisitos específicos:

a. De acordo co establecido nas bases reguladoras das axudas do Programa de activación do emprego da Deputación Provincial, publicadas no BOP do 2 de xaneiro de 2026, ditas axudas destinaranse á contratación laboral de persoas desempregadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados nas categorías/ocupacións referidas na base anterior e que estean dispoñibles para o emprego.

b. Formación académica:

Acreditar estar en posesión da seguinte titulación e/ou formación para os seguintes postos de traballo:

- *Auxiliar administrativo: ciclo medio de formación profesional de Xestión Administrativa.*

Este será o perfil profesional que deberá ser requirido na oferta xenérica de emprego ao Servizo Público de Emprego de Galicia.

Os requisitos deberán acreditarse debidamente nos prazos e termos sinalados nestas bases e os aspirantes deberán cumprilos na data de remate de presentación de instancias e mantelos ata a data de formalización dos contratos.

Cuarta.- Preselección de persoas candidatas e proceso de admisión

a) *Preselección de candidatos mediante chamamento ao Servizo Público de Emprego:*

O Concello presentará oferta xenérica de emprego na Oficina Pública de Emprego, nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia aos requisitos e características que deben reunir os aspirantes a ser contratados, conforme ás esixencias funcionais e profesionais da actividade a desenvolver, facendo constar a categoría profesional/postos a desenvolver. En todo caso, ditos criterios e requisitos específicos corresponderase co previsto, ao respecto, na base terceira, apartado II) das presentes bases, e non poderán conter, en ningún caso, elementos que poidan servir de base para calquera tipo de discriminación baseada en criterios persoais e/ou subxectivos e ao marxe dos principios de obxectividade e imparcialidade que deben guiar o presente proceso.

b) *Admisión de candidatas:*

1. No momento de acudir á cita marcada pola oficina de emprego para a presentación no Concello, os candidatas preseleccionados serán informados do procedemento selectivo para o cal se lles entregará unha copia das presentes bases.

2. Os aspirantes disporán de 5 días naturais, a contar dende o día seguinte ao que fosen citados á entrevista pola oficina de emprego, para presentar a seguinte documentación (no caso de se presentar na forma que determina o art. 16.4 da Lei 39/2015 do *Procedemento administrativo común das AAPP* o concursante deberá xustificar a data da imposición do envío e comunicalo no mesmo día ao Concello no correo aedl@rodeiro.gal):

- Instancia oficial que acompaña a estas bases.
- Carta de presentación no Concello remitida polo Servizo Público de Emprego.
- DNI ou NIE.
- Méritos alegados.

O sistema de selección a empregar consistirá nunha entrevista persoal e concurso de méritos no que se procederá á valoración dos méritos alegados polos diferentes candidatos, coa finalidade de valorar a adecuación e idoneidade dos aspirantes remitidos polo Servizo Público de Emprego para o adecuado desenvolvemento das funcións, contidos e actividades do posto obxecto de cobertura.

Quinta.- Tribunal

A composición do tribunal deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e ter presente o criterio de paridade entre homes e mulleres. A pertenza a estes órganos é a título individual, non podendo ostentarse esa representación por conta de ningún.

O tribunal estará formado polo presidente, o secretario e máis dous vogais. Os vogais deberán ter, como mínimo, o mesmo nivel de formación ca esixida para os postos que se convocan, ademais de posuír coñecementos específicos ou experiencia profesional nas materias que son obxecto do posto de traballo que se convoca. O secretario terá voz, pero non voto nas decisións que se acorden.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros ou dos seus respectivos suplentes, indistintamente. En todo caso, será precisa a asistencia do presidente e do secretario.

O tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas bases.

O Tribunal poderá dispor a incorporación ao seu labor no proceso selectivo de asesores especialistas, naquelas probas que consideren necesario e/ou para aqueles aspectos concretos do proceso selectivo debido á especialización técnica do traballo a realizar. A súa función circunscríbese a un mero asesoramento, é dicir actúan con voz, pero sen voto, non participan na toma de decisións do Tribunal. Os asesores deberán gardar sigilo e confidencialidade acerca dos datos e asuntos sobre os que teñan coñecemento a consecuencia da súa colaboración no Tribunal.

O Tribunal poderá designar persoal colaborador para o desenvolvemento das probas, que actuará baixo a súa dirección, cando a complexidade do proceso selectivo o aconselle.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Sexta.- Desenvolvemento do proceso selectivo

O sistema de selección constará dunha primeira (1ª) fase de entrevista persoal cos candidatos que cumpran os requisitos establecidos na base terceira e dunha segunda (2ª) fase de valoración de méritos.

O día seguinte ao do remate do prazo de presentación de candidaturas, do xeito establecido na base 4.2, reunirse o Tribunal nomeado ao efecto. Nesa sesión darase conta das candidaturas recibidas e citarase ás persoas candidatas para a realización da entrevista mediante correo electrónico á dirección indicada na instancia de solicitude.

A convocatoria do proceso selectivo, a composición e os sucesivos anuncios do Tribunal que desenvolvan esta convocatoria ata finalizar o proceso de selección publicaranse no taboleiro da sede electrónica do Concello: <https://rodeiro.sedelectronica.gal/>

6.1 Entrevista persoal. A entrevista persoal realízase coa finalidade de avaliar as capacidades persoais para o desempeño do traballo. Versará sobre a aptitude e actitude, habilidades, valores, e coñecementos relacionados co posto de traballo a cubrir.

A orde de actuación iniciarase alfabeticamente pola primeira persoa aspirante da letra «M», segundo establece a resolución do 22 de xaneiro de 2026 pola que se fai público o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Esta fase, que non será eliminatoria, valorarase de 0 a 2,40 puntos.

As persoas aspirantes deberán acudir co seu DNI ou documento substitutivo acreditativo da personalidade.

6.2 Méritos (máximo 3,60 puntos).

Son méritos a valorar para a selección a maior adecuación ao posto de traballo e os aplicables polos criterios de preferencia que determina a convocatoria de axudas que financian estas contratacións na súa base cuadraxésima terceira.

A. Circunstancias sociais e persoais

- Situación de desemprego igual ou superior a 12 meses 0,60 puntos

Acreditase mediante informe dos períodos de inscrición expedido polo SPEG.

- Maiores de 45 ou menores de 30 anos 0,50 puntos

Acreditase co DNI.

- Vítima de violencia de xénero 0,50 puntos

Acreditase coa certificación acreditativa da condición de vítima expedida polo Punto de coordinación das Ordes de Protección, ou organismo público equivalente.

- Persoas candidatas que formen unha familia mono-parental de nai ou pai con fillos/fillas ao cargo 0,35 puntos

Acreditase coa copia compulsada do Libro de Familia e certificado municipal de convivencia, ou copia compulsada da sentenza aprobatoria do convenio regulador da garda e custodia dos menores.

- *Situación económica:*

- I. Ingresos netos mensuais per cápita inferiores ao 50% do IPREM 0,30 puntos
- II. Ingresos netos mensuais per cápita inferiores ao 70% do IPREM 0,25 puntos
- III. Ingresos netos mensuais per cápita inferiores ao IPREM 0,20 puntos

Acreditase coa copia compulsada da última declaración de IRPF da unidade familiar. No suposto de non tela presentada, certificación negativa e de rendementos imputables expedida pola Axencia Tributaria. A estes efectos, enténdese por unidade familiar a formada polo titular, cónxuxe ou parella de feito debidamente inscrita no rexistro correspondente e fillos menores de idade.

B. Adecuación ao posto de traballo

- Por asistencia a cursos de formación ou perfeccionamento sobre materias relacionadas coas tarefas e funcións propias do posto o que se aspira, impartidos, homologados ou recoñecidos por organismos ou institucións públicas:

- I. Por cada curso de 10 a 20h: 0,10 puntos
- II. Por cada curso de 21 a 50h: 0,20 puntos
- III. Por cada curso de máis de 50h: 0,30 puntos

A acreditación dos cursos farase mediante a aportación do orixinal do título/diploma e soamente se admitirán cando conste no propio documento o número de horas.

A puntuación máxima neste apartado será de 1 punto.

- Coñecemento da lingua galega:

- I. Celga 1: 0,10 puntos
- II. Celga 2: 0,20 puntos
- III. Celga 3 ou certificado de iniciación: 0,30 puntos

IV. Celga 4 ou certificado de perfeccionamento:

0,35 puntos

Acreditarse coa copia do título que acredite o nivel acadado.

En caso de posuír varios cursos, soamente se aplicará a puntuación do superior.

A existencia dunha omisión ou falsidade nos documentos presentados para demostrar calquera dos méritos, debidamente demostrada, será causa de exclusión do proceso de selección. Si se demostra posteriormente falsidade será causa de rescisión do contrato.

Todos os documentos e informes que se acheguen deberán ser orixinais e cotexaranse no Concello.

Sétima.- Resolución de empates

En caso de empate, terán preferencia por esta orde os seguintes grupos:

- Persoas en desemprego de longa duración.
- Mulleres con baixa cualificación.
- Persoas candidatas de maior idade.

Oitava.- Proposta de contratación

Finalizadas as dúas fases das que consta este procedemento selectivo, o presidente formulará a correspondente proposta de contratación a favor do candidato que obtivese a maior puntuación, remitíndose a mesma á Xunta de Goberno Local, e sen superar, en ningún caso, o número de prazas convocadas. Esta proposta será publicada no taboleiro de anuncios do Concello.

O tribunal configurará, igualmente, unha lista cos restantes aspirantes non seleccionados, segundo a orde da puntuación acadada, e no caso de renuncias, baixas ou substitucións, procederase ó chamamento da seguinte persoa, por rigorosa orde de puntuación, sempre que reúna os requisitos das bases reguladoras referido *Plan de Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Máis Provincia) 2026/2027*, procedendo a súa contratación polo tempo que reste ata o remate do contrato.

No suposto de que a listaxe de agarda se esgotase ou ningún dos seus integrantes estivese dispoñible para a súa contratación polo Concello, procederase a iniciar un novo proceso selectivo do xeito establecido nestas Bases.

Novena.- Resolución e contratación.

Á vista da proposta do Tribunal, a Xunta de Goberno Local resolverá o procedemento selectivo, acordando a contratación dos candidatos seleccionados, de conformidade coa lexislación laboral aplicable.

O Sr. alcalde procederá a asinar cos aspirantes seleccionados o corresponde contrato laboral para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral.

A non presentación no posto de traballo, no día e hora indicados, para o comezo da relación laboral, enténdese como renuncia ao posto de traballo salvo causas debidamente xustificadas.

Décima.- Réxime Xurídico.

Para o non previsto nestas Bases, ademais do previsto na resolución da axuda e no *Plan de Obras e Servizos de Competencia Municipal 2026/2027 (Plan Máis Provincia)*, rexerán como supletorias: a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Réxime Local; o Real Decreto 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia; o Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores; o Real Decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei de Estatuto Básico de emprego público, e Lei 2/2015 de 29 de abril de Emprego Público de Galicia, e demais disposicións concordantes.

Undécima.- Incidencias.

A Tribunal de Selección queda autorizado para resolver las dúbidas que se presenten e adoptalos acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nestas bases.

Décimo segunda.- Impugnación.

Os/as interesados/as poderán impugnalas presente convocatoria e as súas bases, así como tódolos actos administrativos que se derivan da mesma nos casos e na forma establecidos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa.

ANEXO II – TRABALLADOR SOCIAL

BASES E BAREMO DE SELECCIÓN PARA A PROVISIÓN DE 1 POSTO DE TRABALLO FINANCIADO AO ABEIRO DO PLAN MÁIS PROVINCIA, "PROGRAMA DE ACTIVACIÓN DO EMPREGO" 2026, DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

Primeira.- Obxecto

As presentes bases teñen como finalidade a determinación do sistema, procedemento e criterios aplicables para a contratación, con carácter temporal, de 1 persoa desempregada inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupada e que estea dispoñible para o emprego, dentro da subvención concedida ao Concello por acordo da Xunta de Goberno Local da Deputación de Pontevedra de data 13.02.2026, ao abeiro da convocatoria das axudas e subvencións do *Plan de Obras e Servizos de Competencia Municipal 2026-2027 (Plan Máis Provincia) (BOP núm. 1, do 02.01.2026)*.

Segunda.- Modalidade de contratación e característica da relación laboral

Os contratos formalizaranse baixo a modalidade de duración determinada para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral (DA 9ª do RDL 3/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o TR da Lei de Emprego).

Denominación e número de postos ofertados:

- *Traballador/a social: 25 h/semana*

Duración do contrato:

- *Traballador/a social: 8 meses e vinte seis días*

Retribucións:

- *Traballador/a social: 1.108,26€ brutos mensuais, incluído o prorrateo das pagas extra.*

A duración establecida no anterior parágrafo queda condicionada ao requisito establecido na Base cuadraxésimo terceira das Bases Reguladoras do programa que financia esta axuda. Polo tanto, de producirse demoras nas datas previstas de incorporación, a duración do contrato deberá axustarse para non exceder a data límite fixada no 31 de decembro de 2026.

As retribucións brutas serán as aprobadas no acordo da XGL do 16.01.2026, polo que se aproba a solicitude de subvención á Deputación Provincial ao abeiro do *Plan Máis Provincia 2026/2027 – Liña 3: Activación do emprego 2026*.

A relación contractual rexerase pola lexislación laboral, sendo de aplicación o Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da *Lei do Estatuto dos Traballadores* e a Lei 7/2007 de 12 de abril, do *Estatuto básico do empregado público*, sen prexuízo das normas administrativas que sexan de aplicación ao persoal ao servizo das administracións públicas e demais normativa Estatal e autonómica.

Terceira.- Requisitos dos aspirantes

As persoas interesadas en tomar parte nesta contratación, deberán reunir os seguintes requisitos:

l) Requisitos xerais: serán os requisitos legalmente previstos, con carácter xeral, para o acceso ao emprego público:

- a. Ser maior de 16 anos, e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- b. Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

c. Non estar separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera administración pública, nin atoparse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

d. Para os nacionais doutros estados estarase ao disposto no artigo 57 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público; non obstante, se non é cidadán membro da Unión Europea, deberá, posuír o permiso de traballo necesario, de acordo co establecido na Lei Orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.

e. Non atoparse en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidade previstas na lexislación vixente.

II) Requisitos específicos:

a. De acordo co establecido nas bases reguladoras das axudas do Programa de activación do emprego da Deputación Provincial, publicadas no BOP do 2 de xaneiro de 2026, ditas axudas destinaranse á contratación laboral de persoas desempregadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados nas categorías/ocupacións referidas na base anterior e que estean dispoñibles para o emprego.

b. Formación académica:

Acreditar estar en posesión da seguinte titulación e/ou formación para os seguintes postos de traballo:

- *Traballador/a social: título universitario en Traballo Social*

Este será o perfil profesional que deberá ser requirido na oferta xenérica de emprego ao Servizo Público de Emprego de Galicia.

Os requisitos deberán acreditarse debidamente nos prazos e termos sinalados nestas bases e os aspirantes deberán cumprilos na data de remate de presentación de instancias e mantelos ata a data de formalización dos contratos.

Cuarta.- Preselección de persoas candidatas e proceso de admisión

a) *Preselección de candidatos mediante chamamento ao Servizo Público de Emprego:*

O Concello presentará oferta xenérica de emprego na Oficina Pública de Emprego, nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia aos requisitos e características que deben reunir os aspirantes a ser contratados, conforme ás esixencias funcionais e profesionais da actividade a desenvolver, facendo constar a categoría profesional/postos a desenvolver. En todo caso, ditos criterios e requisitos específicos corresponderase co previsto, ao respecto, na base terceira, apartado II) das presentes bases, e non poderán conter, en ningún caso, elementos que poidan servir de base para calquera tipo de discriminación baseada en criterios persoais e/ou subxectivos e ao marxe dos principios de obxectividade e imparcialidade que deben guiar o presente proceso.

b) *Admisión de candidatas:*

A selección consistirá nunha valoración de méritos, que se desenvolverá da seguinte maneira.

1. No momento de acudir á cita marcada pola oficina de emprego para a presentación no Concello, os candidatos preseleccionados serán informados do procedemento selectivo para o cal se lles entregará unha copia das presentes bases.

2. Os aspirantes disporán de 5 días naturais, a contar dende o día seguinte ao que fosen citados á entrevista pola oficina de emprego, para presentar a seguinte documentación (no caso de se presentar na forma que determina o art. 16.4 da Lei 39/2015 do *Procedemento administrativo común das AAPP* o concursante deberá xustificar a data da imposición do envío e comunicalo no mesmo día ao Concello no correo aedl@rodeiro.gal):

- Instancia oficial que acompaña a estas bases.
- Carta de presentación no Concello remitida polo Servizo Público de Emprego.
- DNI ou NIE.
- Méritos alegados.

O sistema de selección a empregar consistirá nun concurso de méritos, no que se procederá á valoración dos méritos alegados polos diferentes candidatos, coa finalidade de valorar a adecuación e idoneidade dos aspirantes remitidos polo

Servizo Público de Emprego para o adecuado desenvolvemento das funcións, contidos e actividades do posto obxecto de cobertura.

Quinta.- Tribunal

A composición do tribunal deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e ter presente o criterio de paridade entre homes e mulleres. A pertenza a estes órganos é a título individual, non podendo ostentarse esa representación por conta de ninguén.

O tribunal estará formado polo presidente, o secretario e máis dous vogais. Os vogais deberán ter, como mínimo, o mesmo nivel de formación ca esixida para os postos que se convocan, ademais de posuír coñecementos específicos ou experiencia profesional nas materias que son obxecto do posto de traballo que se convoca. O secretario terá voz, pero non voto nas decisións que se acorden.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros ou dos seus respectivos suplentes, indistintamente. En todo caso, será precisa a asistencia do presidente e do secretario.

O tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas bases.

O Tribunal poderá dispor a incorporación ao seu labor no proceso selectivo de asesores especialistas, naquelas probas que consideren necesario e/ou para aqueles aspectos concretos do proceso selectivo debido á especialización técnica do traballo a realizar. A súa función circunscríbese a un mero asesoramento, é dicir actúan con voz, pero sen voto, non participan na toma de decisións do Tribunal. Os asesores deberán gardar sigilo e confidencialidade acerca dos datos e asuntos sobre os que teñan coñecemento a consecuencia da súa colaboración no Tribunal.

O Tribunal poderá designar persoal colaborador para o desenvolvemento das probas, que actuará baixo a súa dirección, cando a complexidade do proceso selectivo o aconselle.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Sexta.- Desenvolvemento do proceso selectivo

Rematado o prazo de presentación da documentación reunirse o Tribunal nomeado ao efecto para a valoración dos méritos, podendo conceder un prazo de 1 día hábil adicional para emenda da documentación.

6.1 Méritos

Son méritos a valorar para a selección a maior adecuación ao posto de traballo e os aplicables polos criterios de preferencia que determina a convocatoria de axudas que financian estas contratacións na súa base cuadraxésima primeira.

C. Circunstancias sociais e persoais

- Situación de desemprego igual ou superior a 12 meses 0,60 puntos

Acredítase mediante informe dos períodos de inscrición expedido polo SPEG.

- Maiores de 45 ou menores de 30 anos 0,50 puntos

Acredítase co DNI.

- Vítima de violencia de xénero 0,40 puntos

Acredítase coa certificación acreditativa da condición de vítima expedida polo Punto de coordinación das Ordes de Protección, ou organismo público equivalente.

- Persoas candidatas que formen unha familia mono-parental de nai ou pai con fillos/fillas ao cargo 0,35 puntos

Acredítase coa copia compulsada do Libro de Familia e certificado municipal de convivencia, ou copia compulsada da sentenza aprobatoria do convenio regulador da garda e custodia dos menores.

- **Situación económica:**
 - I. Ingresos netos mensuais per cápita inferiores ao 50% do IPREM *0,30 puntos*
 - II. Ingresos netos mensuais per cápita inferiores ao 70% do IPREM *0,25 puntos*
 - III. Ingresos netos mensuais per cápita inferiores ao IPREM *0,20 puntos*

Acreditase coa copia compulsada da última declaración de IRPF da unidade familiar. No suposto de non tela presentada, certificación negativa e de rendementos imputables expedida pola Axencia Tributaria. A estes efectos, enténdese por unidade familiar a formada polo titular, cónxuxe ou parella de feito debidamente inscrita no rexistro correspondente e fillos menores de idade.

D. Adecuación ao posto de traballo

- Por asistencia a cursos de formación ou perfeccionamento sobre materias relacionadas coas tarefas e funcións propias do posto o que se aspira, impartidos, homologados ou recoñecidos por organismos ou institucións públicas:
 - I. Por cada curso de 10 a 20h: *0,10 puntos*
 - II. Por cada curso de 21 a 50h: *0,20 puntos*
 - III. Por cada curso de máis de 50h: *0,30 puntos*

A acreditación dos cursos farase mediante a aportación do orixinal do título/diploma e soamente se admitirán cando conste no propio documento o número de horas.

A puntuación máxima neste apartado será de 1 punto.

- **Cofeccionamento da lingua galega:**
 - I. Celga 1: *0,10 puntos*
 - II. Celga 2: *0,20 puntos*
 - III. Celga 3 ou certificado de iniciación: *0,30 puntos*
 - IV. Celga 4 ou certificado de perfeccionamento: *0,35 puntos*

Acreditarse coa copia do título que acredite o nivel acadado.

En caso de posuír varios cursos, soamente se aplicará a puntuación do superior.

- **Experiencia profesional**
 - Por cada mes de traballo *0,10 puntos*

A experiencia acreditarase mediante os correspondentes contratos laborais (ou de non telos co certificado de empresa) e informe de vida laboral. No caso de ter solicitado o informe de vida laboral e non dispor del no prazo de presentación de documentación, xuntarse a copia da solicitude debendo achegalo no prazo dos días de emenda. No suposto de traballos realizados en administracións públicas, poderá substituírse o contrato de traballo por un certificado expedido pola persoa con competencia en materia de persoal na que conste de forma fidedigna o tempo traballado, a categoría profesional desempeñada e as funcións exercidas. No caso dos servizos prestados no propio Concello de Rodeiro bastará que o solicitante autorice a incorporación ao expediente deste certificado, marcando a xanela correspondente.

Para a determinación do número de meses acreditados polos interesados calcularase o número de días que transcorren entre a data inicial do período de servizos alegados e a data final de este. O número de días obtido dividirase entre trinta, de forma tal que o cociente enteiro resultante desta división será o número de meses por servizos prestados acreditados polo interesado. Polo tanto, todos os meses de servizos computaranse como trinta días. O resto de días inferiores a trinta que arroxe a anterior operación non será obxecto de consideración para o cómputo na valoración. A efectos do cómputo da experiencia profesional, terase en conta a xornada de traballo fixada e a proporcionalidade que para cada período contractual resulte do informe de vida laboral.

A puntuación máxima neste apartado será de 5 puntos.

A existencia dunha omisión ou falsidade nos documentos presentados para demostrar calquera dos méritos, debidamente demostrada, será causa de exclusión do proceso de selección. Si se demostra posteriormente falsidade será causa de rescisión do contrato.

Todos os documentos e informes que se acheguen deberán ser orixinais e cotexaranse no Concello.

Sétima.- Resolución de empates

En caso de empate contratarase a persoa candidata que acredite maior puntuación na valoración da experiencia profesional. De persistir o empate seguirase a orde de maior puntuación nos criterios de valoración das circunstancias sociais e persoais, segundo a orde do criterios establecidos na Base 6ª.1A).

Oitava.- Proposta de contratación

Valorados tódolos méritos alegados polos aspirantes que reúnan as condicións esixidas, o Presidente formulará a correspondente proposta de contratación a favor dos candidatos que obtivesen a maior puntuación, remitíndose a mesma á Xunta de Goberno Local, e sen superar, en ningún caso, o número de prazas convocadas. Esta proposta será publicada no taboleiro de anuncios do Concello.

O tribunal configurará, igualmente, unha lista cos restantes aspirantes non seleccionados, segundo a orde da puntuación acadada, e no caso de renuncias, baixas ou substitucións, procederase ó chamamento da seguinte persoa, por rigorosa orde de puntuación, sempre que reúna os requisitos das bases reguladoras referido *Plan de Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Máis Provincia) 2026/2027*, procedendo a súa contratación polo tempo que reste ata o remate do contrato.

No suposto de que a listaxe de agarda se esgotase ou ningún dos seus integrantes estivese dispoñible para a súa contratación polo Concello, procederase a iniciar un novo proceso selectivo do xeito establecido nestas Bases.

Novena.- Resolución e contratación.

Á vista da proposta do Tribunal, a Xunta de Goberno Local resolverá o procedemento selectivo, acordando a contratación dos candidatos seleccionados, de conformidade coa lexislación laboral aplicable.

O Sr. alcalde procederá a asinar cos aspirantes seleccionados o corresponde contrato laboral para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral.

A non presentación no posto de traballo, no día e hora indicados, para o comezo da relación laboral, enténdese como renuncia ao posto de traballo salvo causas debidamente xustificadas.

Décima.- Réxime Xurídico.

Para o non previsto nestas Bases, ademais do previsto na resolución da axuda e no *Plan de Obras e Servizos de Competencia Municipal 206/2027 (Plan Máis Provincia)*, rexerán como supletorias: a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Réxime Local; o Real Decreto 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia; o Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores; o Real Decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei de Estatuto Básico de emprego público, e Lei 2/2015 de 29 de abril de Emprego Público de Galicia, e demais disposicións concordantes.

Undécima.- Incidencias.

A Tribunal de Selección queda autorizado para resolver las dúbidas que se presenten e adoptalos acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nestas bases.

Décimo segunda.- Impugnación.

Os/as interesados/as poderán impugnalas presente convocatoria e as súas bases, así como tódolos actos administrativos que se derivan da mesma nos casos e na forma establecidos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento

administrativo común das administracións públicas, e na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa.

ANEXO III – PEÓNS

BASES E BAREMO DE SELECCIÓN PARA A PROVISIÓN DE A PROVISIÓN DE 7 POSTOS DE TRABAJO FINANCIADOS AO ABEIRO DO PLAN MÁIS PROVINCIA, “PROGRAMA DE ACTIVACIÓN DO EMPREGO” 2026, DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

Primeira.- Obxecto

As presentes bases teñen como finalidade a determinación do sistema, procedemento e criterios aplicables para a contratación, con carácter temporal, de 7 persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupadas e que estean dispoñibles para o emprego, dentro da subvención concedida ao Concello por acordo da Xunta de Goberno Local da Deputación de Pontevedra data 13.02.2026, ao abeiro da convocatoria das axudas e subvencións do *Plan de Obras e Servizos de Competencia Municipal 2026-2027 (Plan Máis Provincia) (BOP núm. 1, do 02.01.2026)*.

O proceso de selección será polo sistema de concurso de valoración de méritos e proba práctica, con preselección previa de candidatos a través de oferta xenérica de emprego ao Servizo Público de Emprego de Galicia nos termos que a citada convocatoria de axudas establece.

Ditos postos de traballo afectan a servizos e funcións prioritarias e indispensables para o benestar dos veciños e o funcionamento regular do Concello, respondendo a competencias propias desta administración.

Segunda.- Modalidade de contratación e característica da relación laboral

Os contratos formalizaranse baixo a modalidade de duración determinada para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral (DA 9ª do RDL 3/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o TR da Lei de Emprego), a tempo parcial de 25 h/semana.

Denominación e número de postos ofertados:

- *Sete (7) Peóns de servizos diversos.*

Duración do contrato (en función do calendario de incorporacións aprobado):

- 3 peóns de servizos diversos: oito (8) meses e vinte e seis (26) días.
- 3 peón de servizos diversos: seis (6) meses e dez (10) días.
- 1 peóns de servizos diversos: dous (2) meses e vinte e un (21) días.

Retribución:

- *949,71 euros/mensuais, con prorrateo de extras incluído.*

A duración establecida no anterior parágrafo queda condicionada ao requisito establecido na Base cuadrexésimo terceira das Bases Reguladoras do programa que financia esta axuda. Polo tanto, de producirse demoras nas datas previstas de incorporación, a duración do contrato deberá axustarse para non exceder a data límite fixada no 31 de decembro de 2026.

O calendario anual de incorporacións realizarase de acordo coa previsión acordada na *Memoria Global dos Servizos*, aprobada na XGL do día 16.01.2026 e exposta para público coñecemento no taboleiro de anuncio do Concello (físico e dixital). As retribucións brutas son as aprobadas no mesmo acordo da XGL (16.01.2026) no que se aprobou a solicitude de subvención á Deputación Provincial ao abeiro do *Plan Máis Provincia 2026/2027 – Liña 3: Activación do emprego 2026*.

A relación contractual rexerese pola lexislación laboral, sendo de aplicación o Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da *Lei do Estatuto dos Traballadores* e a Lei 7/2007 de 12 de abril, do

Estatuto básico do empregado público, sen prexuízo das normas administrativas que sexan de aplicación ao persoal ao servizo das administracións públicas e demais normativa Estatal e autonómica.

Terceira.- Requisitos dos aspirantes

As persoas interesadas en tomar parte nesta contratación, deberán reunir os seguintes requisitos:

I) Requisitos xerais: serán os requisitos legalmente previstos, con carácter xeral, para o acceso ao emprego público:

- a. Ser maior de 16 anos, e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- b. Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- c. Non estar separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera administración pública, nin atoparse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.
- d. Para os nacionais doutros estados estarase ao disposto no artigo 57 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público; non obstante, se non é cidadán membro da Unión Europea, deberá, posuír o permiso de traballo necesario, de acordo co establecido na Lei Orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.
- e. Non atoparse en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidade previstas na lexislación vixente.

II) Requisitos específicos:

a. De acordo co establecido nas bases reguladoras das axudas do Programa de activación do emprego da Deputación Provincial, publicadas no BOP do 2 de xaneiro de 2026, ditas axudas destinaranse á contratación laboral de persoas desempregadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados nas categorías/ocupacións referidas na base anterior e que estean dispoñibles para o emprego.

b. Formación académica:

Acreditar estar en posesión da seguinte titulación e/ou formación a para os seguintes postos de traballo:

- *Peón de obras públicas (cno 9601): ningún*

Este será o perfil profesional que deberá ser requirido na oferta xenérica de emprego ao Servizo Público de Emprego de Galicia.

Os requisitos deberán acreditarse debidamente nos prazos e termos sinalados nestas bases e os aspirantes deberán cumprilos na data de remate de presentación de instancias e mantelos ata a data de formalización dos contratos.

Cuarta.- Preselección de persoas candidatas e proceso de admisión

a) *Preselección de candidatos mediante chamamento ao Servizo Público de Emprego:*

O Concello presentará oferta xenérica de emprego na Oficina Pública de Emprego, nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia aos requisitos e características que deben reunir os aspirantes a ser contratados, conforme ás esixencias funcionais e profesionais da actividade a desenvolver, facendo constar a categoría profesional/postos a desenvolver. En todo caso, ditos criterios e requisitos específicos corresponderase co previsto, ao respecto, na base terceira, apartado II) das presentes bases, e non poderán conter, en ningún caso, elementos que poidan servir de base para calquera tipo de discriminación baseada en criterios persoais e/ou subxectivos e ao marxe dos principios de obxectividade e imparcialidade que deben guiar o presente proceso.

b) *Admisión de candidatas:*

A selección consistirá nun concurso-oposición, que se desenvolverá da seguinte maneira.

1. No momento de acudir á cita marcada pola oficina de emprego para a presentación no Concello, os candidatos preseleccionados serán informados do procedemento selectivo para o cal se lles entregará unha copia das presentes bases.

2. Os aspirantes disporán de 5 días naturais, a contar dende o día seguinte ao que fosen citados á entrevista pola oficina de emprego, para presentar a seguinte documentación (no caso de se presentar na forma que determina o art. 16.4 da Lei 39/2015 do *Procedemento administrativo común das AAPP* o concursante deberá xustificar a data da imposición do envío e comunicalo no mesmo día ao Concello no correo aedl@rodeiro.gal):

- Instancia oficial que acompaña a estas bases.
- Carta de presentación na empresa remitida polo Servizo Público de Emprego.
- DNI ou NIE.
- Un sobre pechado no que fará constar o nome, apelidos e DNI do aspirante, así como a inscrición "Méritos alegados". En dito sobre incluírase a documentación xustificativa dos méritos alegados segundo as indicacións da base 6, que en todo caso será a través de documentos orixinais ou copias compulsadas. Os méritos non xustificadas documentalmente non serán valorados.

Expirado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía, no prazo dun (1) día hábil, ditará resolución declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos. Na devandita resolución, que se publicará na sede electrónica deste Concello, <https://rodeiro.sedelectronica.gal> e, no seu caso, no Taboleiro de Anuncios, para maior difusión, sinalarase un prazo de dous (2) días hábiles para emenda. Dita lista será definitiva de non presentarse reclamacións. Transcorrido o prazo de emenda, a Alcaldía aprobará a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, que se publicará na sede electrónica deste Concello. Na mesma resolución, farase constar a designación nominal do Tribunal e a data de realización da proba práctica.

Quinta.- Tribunal

A composición do tribunal deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e ter presente o criterio de paridade entre homes e mulleres. A pertenza a estes órganos é a título individual, non podendo ostentarse esa representación por conta de ningún.

O tribunal estará formado polo presidente, o secretario e máis dous vogais. Os vogais deberán ter, como mínimo, o mesmo nivel de formación ca esixida para os postos que se convocan, ademais de posuír coñecementos específicos ou experiencia profesional nas materias que son obxecto do posto de traballo que se convoca. O secretario terá voz, pero non voto nas decisións que se acorden.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros ou dos seus respectivos suplentes, indistintamente. En todo caso, será precisa a asistencia do presidente e do secretario.

O tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas bases.

O Tribunal poderá dispor a incorporación ao seu labor no proceso selectivo de asesores especialistas, naquelas probas que consideren necesario e/ou para aqueles aspectos concretos do proceso selectivo debido á especialización técnica do traballo a realizar. A súa función circunscríbese a un mero asesoramento, é dicir actúan con voz, pero sen voto, non participan na toma de decisións do Tribunal. Os asesores deberán gardar sigilo e confidencialidade acerca dos datos e asuntos sobre os que teñan coñecemento a consecuencia da súa colaboración no Tribunal.

O Tribunal poderá designar persoal colaborador para o desenvolvemento das probas, que actuará baixo a súa dirección, cando a complexidade do proceso selectivo o aconselle.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Sexta.- Desenvolvemento do proceso selectivo

Rematado o prazo de presentación da documentación para o inicio do procedemento selectivo, citarase ás persoas candidatas do xeito establecido na base 4ª para a realización da proba práctica. En dita convocatoria determinarase o lugar, a hora e o día no que deberán comparecer os aspirantes, así como a orde de actuación que será alfabética, comezando pola primeira persoa aspirante da letra «F», segundo resolución do 21 de xaneiro de 2025 pola que se fai público o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

6.1 Proba Práctica (máx. 12 puntos)

A proba consistirá na realización dun exercicio práctico, proposto polo Tribunal inmediatamente antes da súa realización. A proba estará directamente relacionada coas funcións do posto a seleccionar. Valorarase a destreza práctica, a actitude e a aptitude na súa realización, así como a adopción de medidas para o cumprimento da prevención de riscos laborais. Para a súa realización os aspirantes deberán acudir con indumentaria de traballo, facilitándosele nese momento os demais elementos que sexan necesarios para levala a cabo. O tempo máximo será determinado polo Tribunal atendendo ao seu contido, pero en ningún caso deberá exceder de 20 minutos.

A proba non será eliminatória e puntuarase sobre un máximo de 12 puntos.

Finalizada a fase de oposición, o Tribunal procederá a valorar os méritos dos aspirantes.

6.2 Méritos (máx. 5,35 puntos)

Son méritos a valorar para a selección a maior adecuación ao posto de traballo e os aplicables polos criterios de preferencia que determina a convocatoria de axudas que financian estas contratacións na súa base cuadrexésima primeira.

E. Circunstancias sociais e persoais

- Situación de desemprego igual ou superior a 12 meses 0,60 puntos

Acredítase mediante informe dos períodos de inscrición expedido polo SPEG.

- Maiores de 45 ou menores de 30 anos 0,50 puntos

Acredítase co DNI.

- Víctima de violencia de xénero 0,40 puntos

Acredítase coa certificación acreditativa da condición de vítima expedida polo Punto de coordinación das Ordes de Protección, ou organismo público equivalente.

- Persoas candidatas que formen unha familia monoparental de nai ou pai con fillos/fillas ao cargo 0,35 puntos

Acredítase coa copia compulsada do Libro de Familia e certificado municipal de convivencia, ou copia compulsada da sentenza aprobatoria do convenio regulador da garda e custodia dos menores.

• Situación económica:

- I. Ingresos netos mensuais per cápita inferiores ao 50% do IPREM 0,30 puntos
- II. Ingresos netos mensuais per cápita inferiores ao 70% do IPREM 0,25 puntos
- III. Ingresos netos mensuais per cápita inferiores ao IPREM 0,20 puntos

Acredítase coa copia compulsada da última declaración de IRPF da unidade familiar. No suposto de non tela presentada, certificación negativa e de rendementos imputables expedida pola Axencia Tributaria. A estes efectos, enténdese por unidade familiar a formada polo titular, cónxuxe ou parella de feito debidamente inscrita no rexistro correspondente e fillos menores de idade.

F. Adecuación ao posto de traballo

- Por estar en posesión do carné de conducir
 - I. Clase B 0,10 puntos
 - II. Clase C1 0,15 puntos
 - III. Clase C 0,20 puntos

Acredítase coa copia do carné en vigor.

En caso de posuír varios camés, soamente se aplicará a puntuación do superior.

- Experiencia profesional

I. Por cada mes de traballo

0,10 puntos

A experiencia acreditarase mediante os correspondentes contratos laborais (ou de non telos co certificado de empresa) e informe de vida laboral. No caso de ter solicitado o informe de vida laboral e non dispor del no prazo de presentación de documentación, xuntarase a copia da solicitude debendo achegalo no prazo dos días de emenda. No suposto de traballos realizados en administracións públicas, poderá substituírse o contrato de traballo por un certificado expedido pola persoa con competencia en materia de persoal na que conste de forma fidedigna o tempo traballado, a categoría profesional desempeñada e as funcións exercidas. No caso dos servizos prestados no propio Concello de Rodeiro bastará que o solicitante autorice a incorporación ao expediente deste certificado, marcando a xanela correspondente.

Para a determinación do número de meses acreditados polos interesados calcularase o número de días que transcorren entre a data inicial do período de servizos alegados e a data final de este. O número de días obtido dividirase entre trinta, de forma tal que o cociente enteiro resultante desta división será o número de meses por servizos prestados acreditados polo interesado. Polo tanto, todos os meses de servizos computaranse como trinta días. O resto de días inferiores a trinta que arroxen a anterior operación non será obxecto de consideración para o cómputo na valoración. A efectos do cómputo da experiencia profesional, terase en conta a xornada de traballo fixada e a proporcionalidade que para cada período contractual resulte do informe de vida laboral.

A puntuación máxima neste apartado será de 3 puntos.

A existencia dunha omisión ou falsidade nos documentos presentados para demostrar calquera dos méritos, debidamente demostrada, será causa de exclusión do proceso de selección. Si se demostra posteriormente falsidade será causa de rescisión do contrato.

Todos os documentos e informes que se acheguen deberán ser orixinais e cotexaranse no Concello.

Sétima.- Resolución de empates

En caso de empate contratarase a persoa candidata que acredite maior puntuación na proba práctica. De persistir o empate seguirase polas persoas candidatas que acrediten unha maior experiencia profesional e continuarase, de manterse o empate, en a orde de maior puntuación nos criterios de valoración das circunstancias sociais e persoais, segundo a orde do criterios establecidos na base 6ª.1A).

Oitava.- Proposta de contratación

Valorados tódolos méritos alegados polos aspirantes que reúnan as condicións esixidas, o Presidente formulará a correspondente proposta de contratación a favor dos candidatos que obtivesen a maior puntuación, remitíndose a mesma á Xunta de Goberno Local, e sen superar, en ningún caso, o número de prazas convocadas. Esta proposta será publicada no taboleiro de anuncios do Concello.

O tribunal configurará, igualmente, unha lista cos restantes aspirantes non seleccionados, segundo a orde da puntuación acadada, e no caso de renuncias, baixas ou substitucións, procederase ó chamamento da seguinte persoa, por rigorosa orde de puntuación, sempre que reúna os requisitos das bases reguladoras referido *Plan de Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Máis Provincia) 2026/2027*, procedendo a súa contratación polo tempo que reste ata o remate do contrato.

No suposto de que a listaxe de agarda se esgotase ou ningún dos seus integrantes estivese dispoñible para a súa contratación polo Concello, procederase a iniciar un novo proceso selectivo do xeito establecido nestas Bases.

Novena.- Resolución e contratación.

Á vista da proposta do Tribunal, a Xunta de Goberno Local resolverá o procedemento selectivo, acordando a contratación dos candidatos seleccionados, de conformidade coa lexislación laboral aplicable.

O Sr. alcalde procederá a asinar cos aspirantes seleccionados o corresponde contrato laboral para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral.

A non presentación no posto de traballo, no día e hora indicados, para o comezo da relación laboral, enténdese como renuncia ao posto de traballo salvo causas debidamente xustificadas.

Décima.- Réxime Xurídico.

Para o non previsto nestas Bases, ademais do previsto na resolución de axuda e *Plan de Obras e Servizos de Competencia Municipal 206/2027 (Plan Máis Provincia) - BOP de Pontevedra do 02.01.2026-*, rexerán como supletorias: a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Réxime Local; o Real Decreto 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia; o Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores; o Real Decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei de Estatuto Básico de emprego público, e Lei 2/2015 de 29 de abril de Emprego Público de Galicia, e demais disposicións concordantes.

Undécima.- Incidencias.

A Tribunal de Selección queda autorizado para resolver las dúbidas que se presenten e adoptalos acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nestas bases.

Décimo segunda.- Impugnación.

Os/as interesados/as poderán impugnalas presente convocatoria e as súas bases, así como tódolos actos administrativos que se derivan da mesma nos casos e na forma establecidos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa.

8.- CONTRATACIÓN LABORAL PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADORA EN SITUACIÓN DE BAIXA LABORAL POR INCAPACIDADE TEMPORAL (IT)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que Dona Esperanza Silva González, traballadora laboral fixa do Concello na praza de auxiliar de axuda no fogar, causou baixa laboral por incapacidade temporal (IT), derivada de enfermidade común. Xa que logo existe a necesidade de proceder á contratación urxente dun/dunha novo/a traballador/a que preste os devanditos servizos durante dito período, ao tratarse dun servizo prioritario por mor da atención que presta aos usuarios beneficiarios da Lei de Dependencia, polo que é preciso proceder a súa provisión temporal inmediata.

O Concello considera que a contratación proposta non contradí a prohibición de contratación de persoal temporal durante o ano 2025, prorrogado a esta data para o ano 2026, establecida no artigo 20.Cinco da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, por canto o servizo municipal de axuda no fogar correspóndese cun sector prioritario e que afecta ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, constituíndo a súa provisión un suposto excepcional destinado a cubrir unha necesidade urxente e

inaprazable, estando por outra parte financiado pola Consellería de Política Social e Igualdade, de conformidade co previsto no artigo 58 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

O Sr. secretario considera que o posto de traballo debera ser provisto nas condicións legalmente establecidas, atendendo aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como ao de publicidade. O Sr. alcalde en funcións manifesta que, dada a urxencia da contratación, non se considera aconsellable realizar unha convocatoria pública da mesma, pola demora que ocasionaría no inicio da prestación do servizo. Asemade, constátanse as dificultades coas que se atopa o Concello para acadar persoal cualificado para ocupar estas substitucións ante a ausencia de oferta de candidatos/as coa formación requirida.

Xa que logo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes e a proposta da traballadora social municipal Dona María Lara Hermida Fernández, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación, como auxiliar de axuda no fogar, mediante un contrato temporal por substitución, ao abeiro do disposto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, da seguinte traballadora:

- ✓ JANNY YRELY RUIZ GUTIÉRREZ, con NIE núm. [REDACTED] a tempo parcial (15 horas/semana), en substitución de Esperanza Silva González.

Segundo.- Facultar ao alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

9.- ADHESIÓN AO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO E OS SISTEMAS DE RESPONSABILIDADE AMPLIADA DE RESIDUOS DE ENVASES DOMÉSTICOS DE ENVASES LIXEIROS E PAPEL CARTÓN DUN SÓ USO

O Sr. alcalde informa aos/ás Sres./as. concelleiros/as presentes que a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e os SRAP asinaron un novo convenio marco en materia de envases domésticos de envases lixeiros e

papel cartón dun só uso. Con este novo convenio as SRAP levarán a cabo a organización das ditas clases de residuos, mellorando de xeito importante as contías económicas que os sistemas viñan satisfacendo ata o presente. O convenio asinado ten unha duración de catro anos, con posibilidade de prórroga por períodos de dúas anualidades, ata un máximo de catro anos máis.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes e de conformidade co establecido na cláusula terceira e anexo XII de dito Convenio, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a adhesión do Concello de Rodeiro ao Convenio Marco, asinado o día 29 de xaneiro de 2026, entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e os Sistemas de Responsabilidade Ampliada do Produtor (SRAP) de residuos de envases domésticos de envases lixeiros e papel cartón dun só uso.

Segundo.- Optar pola seguinte modalidade para a xestión dos residuos: Modalidade C: “*SRAP FINANCIÁ*”.

Terceiro.- En relación aos residuos de papel e cartón procedentes da recollida selectiva monomaterial, o Concello opta por designar ao recuperador ou reciclador ao que lle entregará o material recolleito, comprometéndose a comunicar a devandita designación ao SRAP.

Cuarto.- O Concello adhírese expresamente a todas e cada unha das cláusulas do Convenio antes citado e asume as obrigas derivadas do mesmo, con observancia de todas as súas cláusulas, en particular as referidas ás obrigas e compromisos establecidos para as entidades locais (cláusula sétima).

Quinto.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que, na representación do Concello, asine o protocolo de adhesión e cantos outros resulten precisos para a efectividade do acordado.

10.- SOLICITUDES E INSTANCIAS

- Ana Porto García

Visto o escrito presentado por Dona ANA PORTO GARCÍA, con DNI núm. [REDACTED] veciña do lugar da Fervenza, parroquia de Camba (RE núm. 2106, do 05/12/25), polo que solicita unha actuación na estrada provincial EP-6201, na entrada do lugar da Fervenza, consistente no formigonado das cunetas existentes co fin de que poidan ser empregadas como senda peonil e así contribuír á mellora da seguridade viaria nun tramo con frecuente tránsito veciñal. A Xunta de Goberno Local acorda, por unanimidade, informar favorablemente a actuación proposta e achegar dita solicitude, xunto coa certificación do presenta acordo, á Deputación Provincial, como administración titular da estrada, para que acceda ao solicitado.

11.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- SUPERVISIÓN Y CONTROL S.A. 52,30 €
Por taxa de ITV de vehículo municipal, s/factura núm. 361326FC0001617.
- MOBETRAMIT S.L. 42,11 €
Por xestión de nota simple rexistral ante o Rexistro da Propiedade de Chantada (Lugo), s/factura núm. 79215.
- ALEJANDRA FERNÁNDEZ-GAGO LONGUEIRA 1.452,00 €
Por servizo de asistencia técnica en materia urbanística no mes de febreiro de 2026, s/factura núm. Fn-2026-02-2CR.
- LAURA OTERO RODRÍGUEZ 2.722,50 €
Por defensa letrada nos autos de seguridade social núm. 676/2024 ante o Xulgado do Social núm. 1 de Pontevedra, s/factura núm. A-987.

- MIGUEL CONDE VALES 75,33 €
Por subministro de ferro e tubos para obras municipais, s/factura núm. C-2026027.
- JAIME RODRÍGUEZ JORGE 108,90 €
Por traballos de revisión e limpeza da caldeira de pellets da Casa do Concello, s/factura núm. 11/26.
- JAIME RODRÍGUEZ JORGE 36,30 €
Por reparación eléctrica no Centro Cultural Municipal, s/factura núm. 12/26.
- JAIME RODRÍGUEZ JORGE 55,66 €
Por traballos de reparación eléctrica e mantemento da caldeira do Centro de Saúde, s/factura núm. 13/26.
- LETICIA DIÉGUEZ ALONSO 6.534,00 €
Honorarios por redacción de memoria técnica para a solicitude de concesión de augas dende as captacións de “Areosa” e “Gurgullóns”, s/factura núm. 000002.
- BARRERAS DE SEGURIDAD S.L. 594,63 €
Por subministro de sinalización vertical de estradas, s/factura núm. 2026/58 (FACe).
- PROBISA PRODUCTOS BITUMINOSOS S.L.U. 2.674,97 €
Por subministro de aglomerado en frío para obras en camiños municipais, s/factura núm. 5626202668000129 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as once horas, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)